

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A PARA A INSTALACIÓN DUN CAIXEIRO AUTOMÁTICO NAS INSTALACIÓNS DE CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta *FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA* formalizou o 02 de xuño de 2023 con *ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.*, o instrumento convencional arriba referido por unha duración máxima total de cinco (5) anos, a contar dende o 13 de xullo de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión dun espazo na Cidade da Cultura de Galicia para a instalación dun caixeiro automático.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A FUNDACIÓN ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia"(CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais, áreas de lecer e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste sentido a Fundación Cidade da Cultura é propietaria dunha espazo, sito na entrada do edificio



máis meridional (chamado Centro de EMprendemento–CEM-) axeitado para ofrecer servizos ao público á chegada á CdC.

O 11 de xaneiro de 2011 inaugurouse oficialmente a CDC e abríronse ao público os edificios de Arquivo e Biblioteca, aínda que ambos xa albergaban anteriormente actividades internas e exposicións ao público. Desde entón, o número de visitantes se incrementa ano a ano, en proporción ao número de actividades culturais e administrativas que se desenvolven na Cidade da Cultura de Galicia. Así mesmo, na actualidade traballan na Cidade da Cultura persoas das institucións ou iniciativas seguintes:

- Edificio Centro de Emprendemento Creativo (CEM);

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Espazo Emprende Gaiás (Coworking)

Viveiro Gaiás

- Edificio Biblioteca e Arquivo de Galicia (BAG);

Subdirección Xeral De Bibliotecas

Subdirección Xeral De Arquivos

Real Academia Galega

Consello da Cultura Galega

- Edificio Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC);

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Espazo Empresas



- Edificio Museo Centro Gaiás e locais comerciais anexos;

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

- Edificio Fontán.

Incipit (CSIC).

CIEDIX

CISUG.

ACSUG

CISPAC

En total, na actualidade traballan na CDC ao redor de 700 persoas.

Así mesmo, durante 2022 recibíronse máis dun millón de visitantes ao complexo, dos cales máis de 190.000 participaron en actividades promovidas pola Fundación.

ABANCA é unha das principais institucións financeiras do mercado español, de orixe plenamente galego. Con oficinas en sete países máis, aposta por un modelo de servizo que concilia o mellor da banca tradicional cos atributos dun banco de última xeración que aposta pola calidade, a confiabilidade, a responsabilidade e a innovación como os seus valores primordiais. Consta cunha extensa rede de 677 oficinas, 623 en España e un equipo de 6.179 profesionais volcados en satisfacer as necesidades dos seus clientes.

ABANCA dispón dun Plan de Acción de Banca Responsable e Sostible 2021-2024 que fixa as metas para avanzar na integración dos criterios de sostibilidade e promover accións que sirvan como un impulso para un crecemento sostible. Así mesmo, a Responsabilidade Social constitúe unha das súas prioridades polo compromiso coa sociedade e a contorna natural na que operan.



O interese da instalación dun caixeiro na Cidade da Cultura de Galicia persegue o interese xeral destinado a universalizar a prestación de servizos financeiros tanto para traballadores como usuarios do actividades ou espazos do Gaiás. Dado que a Cidade da Cultura de Galicia se atopa retirada do centro da Cidade e a súa ubicación non fai posible gozar de servizos financeiros próximos, se estima necesario a instalación de caixeiros automáticos que permitan a usuarios e traballadores, dispoñer deste tipo de servizos.

O sector bancario nos últimos anos, a causa da crise económica e dos requirimentos do Banco Central Europeo, sufriu unha forte reestruturación. Isto, unido á desaparición das caixas de aforros, significou o peche dun elevado número de oficinas en todo o territorio; na actualidade, é cada vez máis habitual a eliminación por parte das entidades financeiras de puntos de acceso para retirada en efectivo, obrigando aos usuarios á tramitación on line de pagos ou comunicacións coas súas entidades financeiras, así como o uso de tarxetas de crédito ou outros produtos financeiros que limitan o acceso físico dos usuarios aos trámites bancarios de carácter diario.

Todo iso supuxo un hándicap importante á hora de conseguir que unha entidade financeira decidise instalar un caixeiro automático no Gaiás. Apelando á orixe de ABANCA como institución financeira de referencia en Galicia e ao apoio de dita institución á Cidade da Cultura de Galicia dende a súa mesma constitución, a Fundación tratou que, a lo menos dita entidade, considerase a posibilidade da instalación deste punto de retirada de efectivo no Gaiás. Hoxe en día a instalación deste tipo de elementos financeiros non resulta atractivo polos costes que supón para unha entidade financeira que ve na banca electrónica e en diversos produtos financeiros (tarxetas, Bizum,...), elementos financeiros de maior rendemento económico. Polo anterior, resulta extremadamente complicado a promoción da concorrência, motivo polo que se convenia con ABANCA a execución do obxecto do contrato.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. A xustificación de non atoparse nun negocio xurídico propio da lexislación contractual, obedece, basicamente, a inexistente onerosidade ou lucro a recibir por parte da entidade financeira. Segundo os datos facilitados por ABANCA sobre o caixeiro automático na Cidade da Cultura, en termos anuais, o mantemento de dita instalación é totalmente antieconómica para a entidade financeira.

A entidade financeira amosa a súa colaboración coa Fundación, malia a súa perda de explotación, na mellora dos servizos ofertados ás e os usuarias e usuarios da Cidade da Cultura de Galicia. O acordo persigue, por tanto, un fin común: engadir un beneficio social ás e aos consumidores de produtos culturais, como principio base de actuación, tanto da Fundación como da responsabilidade social corporativa como política de acción da entidade financeira, á que non debemos esquecer, a súa condición de Patrono actual da Fundación.

Dito o cal, as referencias á lei de contratos decaen en canto non se está a cumprir o ámbito de aplicación da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en canto que, no seu artigo 2, sinala que están sometidos a dita lei os contratos onerosos, entendéndose como tales aqueles nos que o contratista obtén algún tipo de beneficio económico, xa sexa de forma directa ou indirecta.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

